

Unidade 2:

As revolucións liberais

1. Introducción

A longo do século XVIII diversos monarcas europeos tentaron levar a cabo un programa reformista, seguindo os principios da Ilustración, pero adaptándoos ao absolutismo. Sen embargo, non acadaron o seu pobjectivo de salvagardar as monarquías propias do Antigo Réxime nin en Europa occidental nin nas súas colonias americanas. Así, durante o último terzo do século XVIII asistíuse ás **revolucións liberais ou burguesas**, que marcan o fin da Idade Moderna e a entrada na Idade Contemporánea.



A liberdade guiando ao pobo, de Eugène Delacroix (1830)

Malia os importantes éxitos acadados coa revolución dos Estados Unidos de América e coa Revolución Francesa, o liberalismo atoparase coa resistencia dun Antigo Réxime que buscará a súa **Restauración**. Así, durante a primeira metade do século XIX terá lugar unha serie de **vagas revolucionarias** que buscarán o triunfo definitivo do **liberalismo**, pero que tamén darán cabida a un novo e complexo marco ideolóxico que terá un longo recorrido nos séculos seguintes: os **nacionalismos**.

2. As bases ideolóxicas das revolucións: liberalismo e nacionalismos

O liberalismo e os nacionalismos son dúas das ideoloxías cunha maior pegada e influencia ao longo da Idade Contemporánea e na actualidade. Ambas configuráronse orixinalmente en oposición ao Antigo Réxime, pero desde dous puntos de vista diferentes:

- ➔ O **liberalismo** supoñía poñer en cuestión o absolutismo e a sociedade estamental.
- ➔ Os **nacionalismos** cuestionaban a estrutura territorial dos Estados da Idade Moderna, que eran patrimonio dos monarcas, ben como Coroas formadas por territorios heteroxéneos (como a Monarquía Hispánica) ou ben en forma de territorios con trazos comúns divididos en distintas entidades políticas (como os territorios alemáns do Sacro Imperio Romano Xermánico).




Territorios do Sacro Imperio Romano Xermánico

2.1. O liberalismo

O **liberalismo** xorde a partir dos séculos XVII-XVIII inspirado polas ideas da Ilustración, representando os **intereses da burguesía** e en clara **oposición ao Antigo Réxime**. Os principais aspectos que defenden os liberais son os seguintes:

- ➔ **Soberanía nacional e división de poderes**, principios derivados da Ilustración que se opoñían á soberanía real xustificada na relixión e ao absolutismo. Isto non significa que renegasen da monarquía, senon que, nos sistemas liberais con monarquías, estas soamente exercían o poder executivo. O poder lexislativo recae nos parlamentos e o xudicial, nos xuíces.

- ➔ **Sociedade de clases** na que existise a igualdade ante a lei de todos os cidadáns, a diferenza da sociedade estamental. A posición dun individuo neste sistema vén determinada pola economía.
- ➔ **As Constitucións** serán, desde o punto de vista institucional, as Leis Supremas dos países con sistemas liberais, e van recoller tanto os dereitos dos cidadáns como a estrutura do poder político.
- ➔ **Capitalismo ou liberalismo económico** como sistema económico, que se basearía fundamentalmente na **propiedade privada** e no **libre mercado**, o que se opoñía á economía intervida e supeditada aos estamentos privilexiados rendistas (nobreza e clero).



Primeira páxina da Constitución dos Estados Unidos (1787)

2.2. Os nacionalismos

Os nacionalismos son unhas ideoloxías e movementos políticos cunha gran presenza e influencia na época Contemporánea. Son moi complexos, xa que existe unha gran variedade de correntes nacionalistas, tanto no que respecta á **definición de nación** como ás súas **implicacións territoriais, políticas e sociais**.

Aínda que, debido á súa heteroxeneidade, é difícil definir o nacionalismo, podemos dicir que é un conxunto de ideoloxías que definen como unha **nación** a un determinado **colectivo humano**, identificado cun **territorio** e caracterizado por unha serie de **trazos comúns**. Debido a isto, este colectivo humano sería un **suxeito político** con personalidade propia que tería **dereito ao autoboberno** e, en última instancia, a contar cun **Estado propio**.

Conceptos como o de soberanía nacional provocan que o nacionalismo apareza como **complemento ao liberalismo**, dado que atacan as bases do Antigo Réxime e implican a aparición dun novo suxeito político, a nación.

Debido a que o nacionalismo atopábase realidades moi diferentes segundo o lugar no que xurdía, podemos sinalar diferenzas entre dous tipos:

- ➔ **Nacionalismos de consolidación:** danse en Estados que xa son independentes, e levan ao fortalecemento dos lazos que unen á nación no marco do patriotismo e dos seus símbolos (bandeira, himno, idioma, historia, tradicións...). Exemplos deste grupo serían España, Francia, Rusia, Portugal, etc.
- ➔ **Nacionalismos de afirmación:** danse no que os seus partidarios consideran “nacións sen Estado”. Pode ser tanto independentista (en Estados plurinacionais, con moita diversidade interna) como unificador (en nacións divididas en múltiples Estados). Exemplos de nacionalismo independentista serían Grecia ou Serbia dentro do Imperio Otomano, Polonia ou Finlandia dentro do Imperio Ruso ou Hungría dentro do Imperio Austríaco, por exemplo.

Desde o punto de vista teórico, o **concepto de nación** dominante nos séculos XIX e XX baseouse, sobre todo, en elementos “obxectivos” e comúns (lingua, historia, tradicións, raza...), polo que a condición nacional **non depende do individuo, senón que lle vén dada polo feito de nacer nun determinado lugar e nun determinado grupo**. Esta idea de nación desenvólvese sobre todo a partir de autores alemáns que buscan enfrontarse ao expansionismo napoleónico, e está moi relacionado co movemento cultural do **Romanticismo**.

En contraste, outro concepto de nación, derivado da Revolución Francesa, incide na **vontade do individuo** como factor clave da nación, minimizando a influencia dos elementos “obxectivos” e comúns sinalados anteriormente. Polo tanto, a nación sería o resultado da vontade política da poboación.



Epanastasi (Revolución), de Th. Vryzakis (1865)

3. As revolucións liberais



O liberalismo, herdeiro directo dos principios da Ilustración, fomentará a partir do **último terzo do século XVIII** diversas **revolución políticas contra o Antigo Réxime**, tanto en América coma en Europa.


Estas revolucións aglutinarán tanto á burguesía, cuxos intereses representaba ben o liberalismo, como os grupos populares descontentos co Antigo Réxime. Incluso algúns membros da nobreza e do clero, malia pertencer aos estamentos privilexiados, tomarán partido na causa liberal para adaptarse ás novas estruturas políticas, sociais e económicas que xurdirán nestes procesos revolucionarios, destacando a independencia dos Estados Unidos ou a Revolución Francesa.

Sen embargo, o Antigo Réxime resistirase a desaparecer, razón pola que na Europa do século XIX haberá unha tentativa de poñer freo aos procesos revolucionarios e voltar ao sistema anterior, a **Restauración**.

4. A independencia dos Estados Unidos

A orixe dos actuais Estados Unidos está nas **Trece Colonias**, un conxunto de territorios na costa leste de Norteamérica que posuían os británicos. Estas colonias, establecidas a partir do século XVII, estaban sometidas economicamente á metrópole, mais foron desenvolvendo unhas relacións entre elas cada vez máis intensas.

As **causas** da independencia dos Estados Unidos teñen a súa orixe na **Guerra dos Sete Anos** entre Francia e o Reino Unido (1756-1763), conflito que rematou con vitoria británica e coa perda por parte de Francia da maioría das súas posesións en América. Sen embargo, malia a vitoria, a guerra tamén provocou un gran descontento nas Trece Colonias, xa que viron que, a pesar da súa colaboración durante a contenda, ao finalizar esta incrementáronlles as taxas e as cargas fiscais para financiar a recuperación da metrópole.




Un dos primeiros feitos no proceso de independencia foi o simbólico **Motín do té**, en 1773, no que un grupo de colonos protesta contra as taxas que gravaban este produto botando ao mar un cargamento de té británico no porto de Boston.

A posterior **guerra** entre os colonos e a metrópole, na que destacarán figuras coma George Washington, comezará en 1776 coa firma da **Declaración de Independencia dos Estados Unidos** o 4 de xullo por parte dos representantes das Trece Colonias no Congreso Continental de Filadelfia. A guerra prolongouse ata 1783, cando se asina a **Paz de París**, na que o Reino Unido recoñeceu finalmente a independencia. Catro anos máis tarde, en 1787, aprobouse a **Constitución** dos Estados Unidos, a primeira da historia, que recollía os principios do liberalismo político.

5. A Revolución Francesa

A Revolución Francesa de 1789 supuxo a destrución do Antigo Réxime no lugar que fora o reino do Rei Sol, Luis XIV, unha das potencias absolutistas hexemónicas na Idade Moderna. As implicacións históricas deste proceso revolucionario trascenden as fronteiras francesas, xa que se convertiu nun espello para todas as revolucións liberais europeas.



As **causas** da Revolución Francesa hai que buscalas na crise estrutural do Antigo Réxime, que se concreta en:

- ➔ **Crise social:** as escasas posibilidades de promoción social entre estamentos xeraran un enorme descontento na burguesía que, malia a súa boa posición económica, estaba relegada ao chanzo máis baixo da sociedade do Antigo Réxime. Pola súa parte, o campesiñado e os grupos populares, que constituían a maioría da poboación, tamén estaban moi descontentos, xa que sustentaban economicamente todo o sistema debido a unha enorme presión tributaria e a cargas de orixe feudal.
- ➔ **Crise económica:** as malas colleitas da década de 1780 en Francia provocaron unha subida continuada dos prezos, o que asfixiou aínda máis ao campesiñado e aos grupos populares urbanos.


➔ **Crise política:** o Estado francés estaba nunha situación de creba, xa que os ingresos non eran suficientes para igualar os niveis de gasto. Ante esta situación o rei Luis XVI buscará, sen éxito, a colaboración dos estamentos privilexiados, dado que no Antigo Réxime nobreza e clero estaban exentos do pago de impostos. Paralelamente, as ideas liberais derivadas da Ilustración cuestionaban o poder absoluto do monarca e a soberanía baseada na orixe divina do seu poder.

Esta crise agudizouse coa convocatoria por parte de Luis XVI dos **Estados Xerais**, unha institución consultiva da que o monarca pretendía obter recursos para paliar o déficit do Estado coa colaboración de todos os estamentos. O fracaso do monarca vese acompañado pola revolta do Terceiro Estado, que esixe o voto por persoa e non por estamento. Ao non conseguilo, os numerosos representantes dos non privilexiados aplican o principio da **soberanía nacional** ao declararse **Asemblea Nacional**, acordando no chamado “Xuramento do Xogo de Pelota” non disolverse ata aprobar unha constitución para Francia.

O proceso de demolición do Antigo Réxime estaba en marcha, e tivo o seu detonante simbólico na rúa, cando o **14 de xullo de 1789 o pobo de París asalta a prisión da Bastilla**, símbolo do absolutismo monárquico.

Mentres a revolución se espallaba por todo o territorio francés, tanto urbano como rural, a Asemblea Nacional vai dando pasos para a completa destrución do Antigo Réxime, entre os que destacan a **abolición do réxime feudal** ou a **Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán**, que consagra como fundamentais conceptos como a igualdade, a liberdade ou a propiedade.

En 1791 promúlgase a **primeira Constitución francesa**, na que se establecía unha **monarquía constitucional** baseada na **soberanía nacional** e na **división de poderes**. Esta monarquía será breve pola continua oposición do monarca, que non quería compartir o poder e era favorable a unha intervención militar estranxeira que rematase coa revolución.



Entre 1792 e 1804 terá lugar a **Primeira República francesa**, durante a que Luis XVI será executado por medio da guillotina, e os revolucionarios franceses comezan a dividirse en función da profundidade e ritmo dos cambios que protenden. Xérase así un período marcado pola inestabilidade no que gobernarán sucesivamente os moderados (“xirondinos”) e os radicais (“xacobinos”), e no que as dificultades aumentarán pola guerra contra as potencias estranxeiras.

Tras os excesos revolucionarios dos xacobinos de Robespierre durante a fase do Terror, iníciase un período máis moderado coa nova **Constitución de 1795** e o período do **Directorio**. Un dos directores será o prestixioso xeneral **Napoleón Bonaparte**, que naquel contexto bélico acadaragran prestixio polas súas vitorias no campo de batalla. Finalmente, en 1799, Napoleón da un golpe de Estado (o “golpe do 18 de brumario”), iniciando a fase do **Consulado**, unha etapa na que exercerá o poder de xeito ditatorial, avalado por unha nova Constitución.



Unha vez afianzado o seu poder, Napoleón proclamará o **Imperio francés** no ano 1804, e proseguirá a súa expansión ata a súa derrota en 1815. O período napoleónico foi complexo, e caracterizouse por dous feitos centrais:

- ➔ Por unha banda, Napoleón **asenta os principios do liberalismo en Francia**.
- ➔ Por outra, coróase Emperador e comeza unha **política de conquista de Europa** co obxectivo de espallar os ideais da Revolución Francesa.

Os éxitos militares de Napoleón fronte a todas as potencias europeas (agás o Reino Unido) e as súas conquistas territoriais remataron tras as súas derrotas en Leipzig (1813) e **Waterloo** (1815). As monarquías absolutistas europeas, como Austria, Prusia, Rusia ou España conseguiron así vencer a Napoleón, pero non puideron deter o inexorable avance das ideas revolucionarias que, antes ou despois, acabarían con elas.

6. A Restauración

Tras a derrota de Napoleón e o seu exilio á illa de Santa Helena, as potencias absolutistas reuníronse no **Congreso de Viena** (1815) co obxectivo principal de desmontar a Revolución Francesa e **restaurar o Antigo Réxime**. Os principios da Restauración resultantes deste congreso foron os seguintes:


- ➔ **Absolutismo:** restáurase en Francia a monarquía absoluta, identificada como a forma lexítima de goberno para calquer país.
- ➔ **Equilibrio internacional:** debe evitarse a hexemonía dunha potencia sobre todas as demáis.
- ➔ **Intervencionismo:** as potencias absolutistas acordan intervir nas monarquías nas que o absolutismo se vexa ameazado. Para este fin crean unha alianza militar chamada ***Santa Alianza.***

Xunto con estes puntos, no Congreso de Viena teñen lugar certas remodelacións no mapa de Europa para illar a Francia e tamén para compensar ás potencias vencedoras das Guerras Napoleónicas, especialmente a **Austria, Prusia e Rusia**. Esta nova configuración territorial supuxo a continuación da lóxica do Estado patrimonial do Antigo Réxime (é dicir, que era “propiedade” dos monarcas absolutos), pero vai xerar múltiples tensións derivadas da implantación das ideas liberais e nacionalistas, que non encaixan con eses postulados territoriais e que serán unha das causas do fracaso da Restauración.



7. As vagas revolucionarias liberais

A volta ao Antigo Réxime imposta pola Restauración non tardou en ser cuestionada polas vagas revolucionarias da primeira metade do século XIX:



7.1. Vaga revolucionaria de 1820

Comezou en España co **pronunciamento militar de Rafael del Riego** contra o absolutismo de Fernando VII, e estendeuse por varios países do sur de Europa (Grecia, Portugal, área italiana). O resultado foi desigual debido á **resistencia do Antigo Réxime**, que conseguirá, por exemplo, que o absolutismo retorne a España trala intervención militar da Santa Alianza. No caso de **Grecia**, tras unha longa guerra, este país acadará a independencia do Imperio Otomano.


7.2. Vaga revolucionaria de 1830

Comezou en Francia e estendeuse por diversas zonas, como Bélxica, Polonias ou as áreas alemá e italiana. Estas revolucións presentaron **elementos tanto liberais como nacionalistas**, como se aprecia respectivamente na substitución da monarquía absoluta de Carlos X en **Francia** pola **monarquía parlamentaria de Luis Felipe de Orleans** e na **independencia de Bélxica** respecto dos Países Baixos. Tamén vai haber levantamentos fracasados en lugares como Polonia.

7.1. Vaga revolucionaria de 1848

Comezou en Francia, motivada por causas políticas, pero tamén sociais e económicas derivadas dunha crise agrícola que supuxo o empeoramento das condicións de vida das clases populares. En Francia suporá o fin do reinado de Luis Felipe de Orleans e da monarquía, establecéndose a **II República francesa** baixo a presidencia de Luis Napoleón Bonaparte, co sufraxio universal masculino como principal trazo. Quedaba así patente a división entre a alta burguesía, partidaria da monarquía, e a pequena burguesía e o nacente proletariado, principais artífices da revolución.

As revoltas, denominadas “**primavera dos pobos**” polas reivindicación nacionalistas, estendéronse por Austria e Prusia, onde non lograron os seus obxectivos. Malia os limitados éxitos da vaga revolucionaria de 1848, a súa importancia foi capital tanto para a ideoloxía liberal como para o nacionalismo. Xunto con estas dúas ideoloxías xorde tamén o movemento obreiro como nova forza no panorama político europeo.



8. España na crise do Antigo Réxime

8.1. O reinado de Carlos IV

Carlos IV chega ao trono en 1788, un ano antes da Revolución Francesa, e o seu reinado supón o **final da política ilustrada**, o peche de fronteiras e a guerra contra Francia. Sen embargo, a partir de 1796 a monarquía española aliarase cos franceses e unirase a Napoleón contra os británicos, sufrindo unha dura derrota na batalla naval de **Trafalgar** (1805). As consecuencias desta derrota, o aumento do descontento popular e as tensións entre Carlos IV e o seu fillo Fernando rematan coas **abdicacións de Baiona** (1808), nas que os Borbóns renuncian ao trono español, quedando este en mans de **Xosé I**, irmán de Napoleón.

Nin a monarquía bonapartista, malia o seu carácter reformista, nin a ocupación militar do territorio por parte das tropas francesas serán aceptadas pola maioría da poboación, polo que tras o levantamento do 2 de maio de 1808 en Madrid iníciase a **Guerra de Independencia** (1808-1814).


8.2. Guerra de Independencia e revolución liberal

Debido á superioridade do exército napoleónico, as diversas **Xuntas** que se foron constituíndo ao longo do territorio optaron pola táctica das **“guerrillas”** contra o invasor francés, levando a cabo así unha guerra de desgaste. Ao mesmo tempo que ten lugar este enfrontamento, terá lugar unha revolución liberal por parte das **Cortes de Cádiz**, cidade que resiste á invasión francesa. Con representantes escollidos por medio de sufraxio universal masculino, estas Cortes rematarán co absolutismo en España mediante diversas medidas que culminan na **Constitución de 1812**, coñecida como “A Pepa”. Este documento, que acabou por converterse en símbolo do liberalismo español e europeo do século XIX, ten como principios básicos a soberanía nacional, a división de poderes, a liberdade de imprenta e o sufraxio universal masculino.



8.3. O reinado de Fernando VII (1814-1833)

Fernando VII, “o Desexado”, retorna a España e ao trono en 1814, e unha vez no país imporá unha **volta ao Antigo Réxime**, abolindo toda a obra lexislativa e institucional das Cortes de Cádiz e levando a cabo unha dura represión contra os liberais. Malia esta persecución, a vaga revolucionaria liberal de 1820 iníciase en España co pronunciamento de Riego, que restablecerá a Constitución de 1812, mantendo a Fernando VII no trono.



O **Trienio Liberal** remata abruptamente en 1823 coa restauración do absolutismo da man da intervención das potencias absolutistas europeas, coa invasión do exército dos “Cen Mil Fillos de San Luis”. Iníciase así o derradeiro período do reinado de Fernando VII, a chamada polos liberais “**Década Ominosa**”, caracterizada polo absolutismo e a represión.

Ao longo deste reinado terán lugar os **procesos de independencia das colonias americanas**, onde as ideas liberais e a súa participación nas Cortes de Cádiz derivaron nas sucesivas independencias (Arxentina, Venezuela, Chile, México...) alentadas pola burguesía crioula, representada por figuras como **Simón Bolívar** ou **José de San Martín**.

8.4. Galicia na crise do Antigo Réxime

En Galicia, coma no resto de España, actuarán durante a **Guerra de Independencia** as **Xuntas**, encargadas tanto da xestión da guerra como da gobernación do territorio, ao non aceptar a autoridade de Xosé I. Na conformación das Xuntas terán un peso enorme os dous grupos máis poderosos da Galicia do século XVIII e comezos do XIX, **o clero e a fidalguía**.

As ideas do **liberalismo** tiveron especial presenza na cidade da Coruña, que contou con militares que apoiaron o pronunciamento de Riego en 1820. A partir de mediados de século comezará a configurarse o galeguismo, ao principio co **provincialismo**. Este movemento, no que destacaban representantes como Antolín Faraldo, reivindicaba a identidade cultural e administrativa de Galicia e criticaba a súa marxinación política e económica.

9. Un símbolo das revolucións liberais: “O tres de maio en Madrid”



A obra *O tres de maio en Madrid* ou *Os fusilamentos do tres de maio* é unha pintura de **Francisco de Goya** que recolle os sucesos que supuxeron o detonante da Guerra de Independencia, a revolta popular do día dous de maio de 1808 nas rúas de Madrid e a súa feroz represión por parte do exército francés.

A composición da obra caracterízase por un equilibrio matizado pola posición dos brazos da figura principal, quen ademáis recibe toda a luz. O anonimato dos executados subliña o carácter popular da oposición á invasión francesa. De xeito complementario, os soldados franceses aparecen sen rostros que os individualicen e na mesma posición, convertíndoos en máquinas de matar deshumanizadas.

A **exaltación patriótica** e a **forte carga sentimental** desta pintura sitúana dentro dos inicios do **Romanticismo pictórico**, aínda que Goya non encaixa totalmente neste estilo.